



# CO<sub>2</sub>RUÑA

## Benvida outono

NÚMERO 16

EDITA: ÁREA DE MEDIO AMBIENTE  
DO CONCELLO DA CORUÑA

BOLETÍN DIXITAL DE EDUCACIÓN AMBIENTAL  
DA **ÁREA DE MEDIO AMBIENTE**  
CONCELLO DA CORUÑA



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña





# A EDUCACIÓN AMBIENTAL CONTINUOU NO VERÁN CO PROGRAMA EN PRAIAS

*De novo este ano a educación ambiental tivo un sinalado protagonismo nas datas centrais do verán na praia de Riazor*

Como nos veráns precedentes unha caseta, situada xunto ás instalacións do servizo de socorrismo, foi o punto de encontro ambiental municipal nos areais da cidade. A cidadanía que se achegou ata este punto puido ver a exposición "Praia viva, praia morta", ou divertirse aprendendo nos distintos obradoiros guiados por un educador. En total foron case tres meses. De luns a venres a atención do servizo revelou a todos e todas os problemas máis urxentes que sofren os mares do mundo. Unha realidade que é tamén común á nosa costa.

Na zona próxima á caseta tamén instaláronse paneis con contidos educativos. Apoiados neles era posible tomarse fotos de recordo ou imaxes que subir ás redes sociais. Tiveron gran éxito entre o público xuvenil e as familias que, coas súas tomas dixitais, leváronse unha mensaxe ambiental do seu paso pola nosa cidade.





# SAN XOÁN: FESTA EN TODOS OS SENTIDOS!

*Nun ano moi complicado polo horario e pola amplitude da marea, o dispositivo municipal e a colaboración cidadá favoreceron un éxito pleno*

A festa que congrega máis expectación en todo o ano na nosa cidade é, sen dúbida, a de San Xoán. É o termómetro de humor e expectativas non só da Coruña, senón tamén de toda a área metropolitana que se achega aos areais da cidade a gozar da noite meiga. En Riazor e Orzán congrégáronse miles de persoas para gozar do previo, logo das cacharelas e ao final da noite, xa de madrugada, dos concertos. No resto das praias da cidade respírouse un ambiente máis familiar.

Por todo o mencionado, este día e a súa noite foi unha xornada esgotadora para os servizos municipais. Non só para aqueles e aquelas que se dedicaron a velar pola nosa saúde e seguridade, senon tamén para as mulleres e homes que se ocuparon do lecer, das montaxes e infraestruturas, das comunicacións, etc.

Na noite da festa do 2017 todos os servizos tiñan unha dificultade engadida: a maior amplitude de marea da última década ía supoñer que as ondas chegarían os muros e vomitorios de acceso ás praias, obrigando a un desaloxo máis temperán. A festa, a das sardiñas e as cacharelas, engade ao problema adicional da recollida dos residuos nun ano que, todas as previsións eran neste sentido, as ondas pisariannos os talóns...

A pesar destas complicacións sobre os anos precedentes, como se puido comprobar na mesma noite e na xornada seguinte de mañá, o comportamento exemplar da cidadanía e o traballo duro dos servizos de recolleita de lixos supuxeron, ao fin, un ano con menos volume de residuos nos areais!. Máis que nunca os coruñeses e coruñesas tomaron conciencia do seu papel clave na calidade ambiental das nosas praias. Isto, unido a un dispositivo moi ambicioso, como require cada ano esta noite, confirmou as expectativas auguradas xa nas primeiras horas da noite. A confirmación chegou coas primeiras horas de luz cando, efectivamente, o descenso das toneladas de lixos recolleitos ratificouse como moi significativa.

O listón está moi alto pero no ano '18 é preciso obter uns resultados aínda máis brillantes. A noite meiga demostrounos que é posible, que "cando os servizos municipais fan os deberes, a xente colabora" en palabras de María García, concellería de Medio Ambiente.





## AS VISITAS NON SE DETEÑEN NOS MESES ESTIVAIS

As visitas a distintos lugares de interese ambiental do municipio están englobadas dentro da programación de educación ambiental do Concello. Están destinadas a calquera grupo de idade ou colectivo.

As datas do verán son para moitos grupos ou familias xornadas con máis tempo dispoñible. Por esa razón, en xeral, o ano lectivo ten maior afluencia de grupos escolares e no verán de *grupos por libre*.

En xullo, agosto e setembro proseguiron as visitas cada venres aos contornos do ENIL da Torre de Hércules e ou ENIL Illas de San Pedro.

Non mes de xullo, un grupo de profesionais e reclusos da prisión de Bonxe coñeceron a xestión de residuos da nosa cidade na Planta de Nostián. Non é a primeira vez que un colectivo como este visítanos no marco dos seus programas de resocialización.

En datas singulares fora da programación ordinaria neste verán acompañannos os alumnos e alumnas dos centros ADCOR da cidade que celebraban a súa reunión anual no contorno do ENIL da Torre de Hércules. Estes centros, que atenden a persoas con diversidade funcional, realizarán (como novidade) no programa de educación ambiental actividades a partir de outubro.





## SEMANA DA MOBILIDADE

O lema “Compartir lévache máis lonxe!” foi o protagonista do ano ´17 da Semana Europea da Mobilidade. Con actividades diarias na rúa, fronte ao Obelisco, a Concellería de Mobilidade organizou distintas accións para divulgar o problema das emisións á atmosfera debido aos vehículos. Pola súa parte a Concellería de Medio Ambiente a través do programa de educación ambiental colaborou con rutas interpretativas no centro da cidade tamén. Aqueles que se sumaron ás saídas puideron coñecer datos cuantitativos e operativos do servizo das bicicletas municipais, utilidades do servizo de transbordo da compañía de tranvías ou, simplemente, comprobar na rúa medidas destinadas a retardar o tráfico, limitalo por zonas ou favorecer a peonalización de espazos públicos.

Nas políticas locais é cada vez maior a sensibilización polo problema ambiental das emisións, polo ruído e pola ocupación do espazo por parte dos vehículos. Nos programas anuais de educación ambiental, en concreto para os alumnos e alumnas do titulado “O Aire que nos rodea” figuran sempre de xeito destacado estas consideracións. De maneira transversal cada vez que hai oportunidade de introducir estas reflexións tamén empapan ao resto de actividades porque unha mobilidade ambientalmente responsable é fundamental para unha cidade habitable.





# DÍA DAS AVES

A cidade da Coruña e a súa contorna inmediata acolle unha sorprendente variedade de especies de aves ao longo das estacións, grazas aos diferentes hábitats que aparecen aquí, tanto mariños como litorais e terrestres.

En lugares como a contorna do ENIL Torre de Hércules, os parques e xardíns da cidade, o ENIL Illas de San Pedro, a ría do Burgo ou o encoro de Abegondo-Cecebre, é onde é posible achar maior número de especies e exemplares.

O outono é un dos mellores momentos do ano para observar aves na cidade. Nesta época son infinidade as que pasan por aquí rumbo ao sur. Algunhas, como as píl-laras ou virapedras, proveñen das rexións árticas. Os pentumeiros, uns patos mariños de cor negra que voan en grandes bandadas fronte á nosa costa, veñen de Siberia. Tamén de Rusia chegan as cercetas. Moitas delas pasarán o inverno no encoro que nutre de auga aos fogares e negocios da cidade, igual que outros patos, garzas e mergullóns. De máis preto, como as illas británicas ou as costas francesas, chegan os mascatos.

De países do norte de Europa tamén alcanzan este lugar en setembro e outubro pequenos paxaros como picafollas, papamoscas, folosas ou as picas dos prados, que converten xardíns e campos nunha especie de hotéis con restaurante, en cuxas mesas se serven menús moi nutritivos a base de insectos. A ría do Burgo, pola súa banda, funciona a miúdo como todo un aeroporto internacional no que aterran e despegan agullas, mazaricos, biluricos...

A fin de celebrar o Día das Aves, xornada dedicada en toda Europa a prestar atención a estes animais e á conservación dos ecosistemas que con eles compartimos, o Concello organizou actividades o día **29 de setembro**. Foron percorridos guiados (gratuítos e sen inscrición previa) en horarios: de 17.30 a 18.30 h e de 18.45 a 19.45 h

Os lugares onde se atendeu o público foi o:

- Parque de Santa Margarita
- Xardíns de Méndez Núñez
- Contorna do ENIL Torre de Hércules
- Parque de Eirís



#DÍASAVES

CELEBRACIÓN DO  
**DÍA DAS AVES 2017**

**VENRES 29 SETEMBRO**

PERCORRIDOS GUIADOS  
gratuítos e sen inscrición previa.

ORA DE OBSERVACIÓN DAS AVES DO TRONCO COMEZO  
PELOS SEBANTES ESPAZOS DA CIDADE.

✓ PARQUE DE SANTA MARGARITA  
Punto de encontro: aberto de Casa das Cercetas

✓ XARDÍNS DE MÉNDEZ NÚÑEZ  
Punto de encontro: aberto de Paseo Rial

✓ CONTORNA DO ENIL TORRE DE HÉRCULES  
Punto de encontro: aberto de Oficina de Información  
Turística Torre de Hércules

✓ PARQUE DE EIRÍS  
Punto de encontro: na saída do parque

Reservar  
previamente:  
DE 17.30 A 18.30  
DE 18.45 A 19.45

Animade, e frade  
as frade, animade!

Ayuntamiento de A Coruña  
Concello de Vivei

CORUÑA  
PROGRAMA



## AS NOSAS FESTAS MÁIS PRÓXIMAS!

*O bo tempo invita a xuntarse e gozar das longas xornadas do estío ao aire libre.*

Agosto é o mes onde se concéntran o maior número de festividades ao longo de todo ou territorio galego. A Coruña non é ningunha excepción. Baixo o paraugas (mellor sería dicir a antuca estival) das festas de María Pita moitos barrios celebran coa súa veciñanza máis próxima verbenas, churrascos ou gozan das atraccións de feira programadas. Coincidindo con estas xornadas festivas moitas asociacións de veciñas e veciños solicitaron actividades de educación ambiental para realizar na praza ou o lugar máis sinalado do barrio. Neste ano acudimos a Oza, Palavea, A Gaiterira, Eirís, Castrillón, Sagrada Familia, Pedralonga e Novo Mesoiro.





**CORUÑA  
VIVA**

**CO<sub>2</sub>RUÑA**

[www.coruna.es/medioambiente](http://www.coruna.es/medioambiente)

síguenos en:



C02Coruña



@C02Coruna

@airecoruna

@CorunaSostible

Para más información sobre os  
Programas de Educación Ambiental

981 903 834  
[educacionambiental@coruna.es](mailto:educacionambiental@coruna.es)



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña

